

CMQ 2026

3º CONCURSO
DE MÚSICA DE CÁMARA
MANUEL QUIROGA

INSCRICIÓN

20 DE NOVIEMBRE 2025 A 20 DE
ENERO DE 2026

www.conservatoriomanuelquiroga.gal

30 ENERO 2026

PUBLICACIÓN LISTA DE
ADMITIDOS/AS

www.conservatoriomanuelquiroga.gal

20 FEBRERO 2026 · 19:00h

CONCURSO PÚBLICO E
ENTREGA DE PREMIOS

Auditorio do CMUS Manuel
Quiroga

Co gallo da conmemoración da Semana da música e das letras galegas, o EDLG e o Departamento de Música de Cámara do CMUS Manuel Quiroga queren contribuír á difusión desta efeméride coa convocatoria dun concurso de interpretación de obras de compositoras/es galegos para grupos de música de cámara coas seguintes

BASES

- Formarase un comité organizador con membros do EDLG do CMUS Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra, que será o órgano de goberno, administración e coordinación de todos os aspectos do concurso.
- Poderá participar todo o alumnado de 5º e 6º curso de Grao Profesional dos Conservatorios Profesionais de Galicia.
- Os participantes concorrerán interpretando unha peza de música de cámara orixinal ou un arranxo, dun nivel de complexidade axeitado a estes dous últimos cursos do grao profesional, que non exceda dos 10 minutos de duración.

- Aqueles grupos que presenten unha obra de música galega, poderán optar ao premio especial á mellor interpretación de música galega.
- Poderán concorrer formacións camerísticas de calquera especialidade, dende dúos ata quintetos.

INSCRICIÓN

- **Inscripción** no formulario web que se atopa na páxina web

www.conservatoriomanuelquiroga.gal

- **Datos e documentación a aportar**

1. Título completo da peza
2. Nome e apelidos do/a compositor/a
3. Adxuntar copia en PDF da peza.
4. Nome e apelidos de todos os integrantes do grupo
5. Datos de contacto
6. Correo electrónico de contacto.
7. Centro de estudos e xustificante de matrícula do curso 2025/2026, nos cursos especificados.

- O prazo de inscrición comezará o día **20 de Novembro e rematará o 20 de Xaneiro de 2026** ambos inclusive.

- O xurado valorará o repertorio achegado, así como a súa viabilidade para a interpretación no Concurso.
- O listado provisional de admitidos/as ao concurso publicárase na páxina web do CMUS Manuel Quiroga o **30 de xaneiro de 2026**, podéndose reclamar nos tres días hábiles seguintes a dita publicación no caso de non ter sido admitido/a.
- O concurso terá lugar no Auditorio do CMUS Manuel Quiroga o 20 de febreiro de 2026 ás 19:00h, en concerto aberto ao público.
- O xurado estará formado por dous membros do EDLG e tres membros do Departamento de Música de Cámara. A entrega de premios realizarase o mesmo día tras a deliberación do xurado.
- Tanto a selección dos finalistas, como a adxudicación dos premios por parte do xurado serán definitivas e inapelables, podendo declararse desertos.

PREMIOS

- 1º PREMIO: vale de 200€ canxeable por material musical na tenda “Musical Pontevedra” e diploma acreditativo.
- 2º PREMIO: vale de 100€ canxeable por material musical na tenda “Musical Pontevedra” e diploma acreditativo.
- PREMIO ESPECIAL Á MELLOR INTERPRETACIÓN DE MÚSICA GALEGA: vale de 250€ canxeable por material musical na tenda “Musical Pontevedra” e diploma acreditativo.
- O resto de finalistas recibirán un diploma acreditativo da súa participación no concurso.
- A participación no concurso implicará a total aceptación das bases publicadas.

ORGANIZA:

- EDLG
- Departamento de Conxunto e Música de Cámara
- CMUS Manuel Quiroga de Pontevedra



Colabora:
Musical Pontevedra